

diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, trala comunicación o órgano que o dictou, según o disposto polo art. 110.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen prexuício de que poida exercer calquer outro recurso que estime procedente.

Cangas, 17 de maio de 1999.—O Alcalde, Euloxio López Gutiérrez. 5164

ANUNCIO

Aprobado polo Concello Pleno de Cangas en sesión de data 27 de novembro de 1998, a Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Cangas, procédese a súa publicación en cumprimento do sinalado no art. 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril.

ORDENANZA REGULADORA DO USO DO GALEGO NO CONCELLO DE CANGAS

CAPITULO I

Artigo 1.

1.—O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Cangas.

2.—As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.

3.—Os cidadáns tenen dereito a seren atendidos e obter copia ou recibir notificación da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

Artigo 2.

O Concello de Cangas empregará normalmente o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas e privadas sitas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas e que actúen fóra do territorio da nosa Comunidade Autónoma, o concello empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas.

CAPITULO II

DAS RESOLUCIONS E DA DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA

Artigo 3.

Serán redactadas en galego:

- As convocatorias das sesións de tódolos órganos colexiados da corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, comisións informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos.

- As actas das sesións dos citados órganos municipais.
- As resolucións do alcalde, dos concelleiros delegados e o seu libro de rexistro.

Artigo 4.

A documentación dos expedientes administrativos que den lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior, tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos e impresos.

Nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa débese ter en conta o citado obxectivo.

Artigo 5.

Os documentos contractuais subscritos polo concello serán redactados en galego.

Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio deba producir efecto fóra do territorio da comunidade autónoma, tamén será redactado en castelán, e os custos da tradución será pola conta de quen o solicite.

CAPITULO III

ATENCION O PUBLICO

Artigo 6.

Os servicios da Oficina de Información e demais unidades administrativas que teñen unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e a información ós cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten e realicen servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto de calquera tipo de contrato que deberán acreditar que teñen persoal cualificado suficiente para este fin.

CAPITULO IV

RELACION COAS EMPRESAS PRIVADAS

Artigo 7.

Os estudos, proxectos e traballos semellantes de consultoría, asistencia concretas non habituais, servicios específicos e traballos concretos non habituais, así como, calquera outra de prestación de servicios técnicos que o concello encargue a terceiros, dentro do ámbito territorial galego, terán que seren redactados preferentemente en galego, aínda que a súa finalidade esixa, tamén, noutras linguas.

CAPITULO V

ANUNCIOS E PUBLICACIONES

Artigo 8.

Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia, ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa comunidade autónoma, serán redactados en galego.

Fora do ámbito lingüístico galego e publicidade farase xeralmente en versión dobre.

Artigo 9.

Con carácter xeral, as publicacións editadas polo Concello, teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación a publicidade, realizáranse en lingua galega.

Artigo 10.

Os cargos do concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPITULO VI

TOPONIMOS, SINALIZACION E ROTULOS

Artigo 11.

Consonte co que dispón o art. 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Cangas é a igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Artigo 12.

Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servizos públicos e da rede viaria municipal, serán redactadas en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén se poderán redactar en castelán e noutros idiomas.

CAPITULO VII

DO PERSOAL O SERVICIO DO CONCELLO

Artigo 13.

1. A declaración da oficialidade do idioma esixe que todo o persoal ó servizo do concello estea en condicións de empregalo nos seus niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza dos seus postos de traballo.

2. Para acadar ese obxectivo, establécense as seguintes regras:

- a) O persoal que actualmente traballe ó servizo da corporación e non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto no apartado nº 1 do presente artigo, deberá adquirir

tal coñecemento. Con ese fin o concello desenvolverá un programa de formación e perfeccionamento.

- b) Nos procedementos de selección do novo persoal incluírase sempre unha proba de coñecemento da lingua galega adecuada ó nivel e contido da praza convocada e das funcións dos postos de traballo que poidan desenvolver.
- c) Nos procedementos de provisión de postos de traballo, o coñecemento da lingua galega terá a consideración de mérito preferente.
- d) O persoal ó servizo da corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participara nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente ordenanza.

CAPITULO VIII

RELACION CON OUTRAS ADMINISTRACIONES

Artigo 14.

As actuacións realizadas polo concello perante os órganos de xustiza deberanse facer preferentemente en lingua galega (escrita e oral), consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7.2 da Lei de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

Igualmente, nas relacións coas demais administracións locais da Comunidade Autónoma ou de calquera órgano, entidade ou empresa destas ou da administración periférica radicada ou actuante no territorio da Comunidade Autónoma, deberán utilizarse en lingua galega.

CAPITULO IX

DA CREACION DO SERVICIO MUNICIPAL DE NORMALIZACION LINGÜISTICA E A RESPECTIVA COMISION INFORMATIVA

Artigo 15.

Para dar cumprimento ó espírito que aniña nesta

Ordenanza ó servizo de normalización lingüística e o Consello Asesor Municipal de Normalización Lingüística, complementarase en cada súa competencia para a consecución da normalización do uso do galego en tódolos ámbitos sociais.

O Servizo Municipal de Normalización Lingüística terá as seguintes funcións:

- a) O control e supervisión da aplicación desta ordenanza e demais normativa vixente en relación coa normalización lingüística.
- b) Elaboración de plans e programas de actuación.

CAPITULO X

"DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.—O disposto nesta ordenanza para os servizos municipais será igualmente de aplicación ós adxudicatarios de contratos administrativos, privados ou de calquera natureza, incluídos os convenios concertados ou adxudicados polo Concello.

Segunda.—O establecido no artigo 9 e seguintes da presente ordenanza será aplicable tamén ás actividades deste tipo desenvolvidas por entidades privadas cando disfruten dunha subvención municipal.

Terceira.—O concello defenderá e aplicará nesta ordenanza tódolos organismos e entidades (comercios, mancomunidades...) nas que participe xunto con outras institucións públicas ou privadas no territorio de Galicia.

Cuarta.—O Concello de Cangas en defensa dos dereitos e intereses dos veciños e veciñas deste municipio actuará en defensa do seu dereito ó uso sobre o idioma propio e oficial de Galicia. Poderá para este fin recibir, tramitar e apoiar queixas e iniciativas para asegura-la plena normalización da lingua galega.

Cangas, a 13 de maio de 1999.—O Alcalde-Presidente, Euloxio López Gutiérrez. 5163

* * *

CUNTIS

EDITO

Sométese a exposición pública polo prazo de vinte días o expediente de autorización para a construción en solo non urbanizable seguinte:

Clase de obra: Instalación de torre e caseta para repetición de telefonía móbil.

Promotor: Telefónica Móviles, S.A.

Situación: Monte Xesteiras.

Cuntis, 21 de maio de 1999.—O Alcalde, Eduardo Rey Rodríguez. 5168

* * *

A ESTRADA

EDITO

Habéndose solicitado desta Alcaldía por don Félix Ruibal Rodríguez, licenza municipal para construción de nave e almacén destinada a industria artesán relacionada ca madeira en Corgo-Berres, cumprindo o disposto no artigo 30.2.a do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, so-

métese a información pública por período de dez días hábiles a fin de que durante o mesmo (que empezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia), poida examinarse o expediente, na Secretaría deste Concello, polas persoas que dalgún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A Estrada, 18 de maio de 1999.—O Alcalde, ilexible. 5103

EDITO

O Pleno do Concello, na súa sesión do día catorce deste mes de maio, aprobou nun principio o expediente de modificación orzamentaria número 1/R/99 (modificación número 7/99), que queda exposto ó público na Intervención municipal para efectos de reclamacións durante o prazo de quince días, contados a partires da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e quedará definitivamente aprobado de non se presentar ningunha dentro deste prazo, de conformidade co disposto nos artigos 150.1 e 158.2 da Lei 39/1988.

A Estrada, a 18 de maio de 1999.—O Alcalde, ilexible. 5240

* * *

FORNELOS DE MONTES

EDITO

De conformidade co disposto polo artigo 94.2 da Lei 13/1995, de 18 de maio de contratos das administracións públicas, faise pública a adxudicación do seguinte contrato na sesión plenaria de data 25 de marzo de 1999:

"Recuperación integral do conxunto da pontelavadeiro na vila de Fornelos de Montes": a instalacións Somoza S.L., de Arcade, pola cantidade de 6.927.258 pesetas, non oferta melloras.

Fornelos de Montes, 25 de maio de 1999.—O Alcalde, Serafín A. Martínez Martínez. 5209

* * *

O GROVE

EDITO

Solicitada desta Alcaldía por don Amancio Leiro Soutullo e dona María Carmen Otero Rodiño, licenza municipal para instalación e apertura de local destinado a Bar-Bodegón, con emprazamento na rúa Jaime Solá s/n de O Grove, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a contar desde o seguinte o da publicación no